

1.9 Outros aspectos de interese

Dous últimos aspectos de interese completan este informe. Por unha banda, a presenza efectiva da Internet nos procesos de aprendizaxe; por outra, a influencia da presenza da lingua galega nos servizos e dispositivos TIC no seu grao de uso final. Ambos elementos desenvólvense nos seguintes parágrafos.

1.9.1 Internet e as TIC nos procesos de aprendizaxe

A ampla maioría das persoas que están cursando algún tipo de estudo empregan o PC (83%) e Internet (67%) como apoio á súa actividade fóra da aula.

O 82,6% das persoas que están cursando algún tipo de estudo empregan o PC como apoio á súa actividade fóra da aula. No 70% dos casos, o tempo dedicado a empregar o PC con fins de estudo é inferior ás cinco horas semanais.

Polo que se refire á Internet, os datos son similares: o 67,4% das persoas que están cursando algún tipo de formación emprega a Rede para os seus estudos; do mesmo xeito que para o PC, en máis do 70% dos casos o tempo dedicado non supera as cinco horas semanais.

É interesante coñecer por que os estudantes que non empregan ningunha das ferramentas anteriores non o fai. Os datos obtidos reflíctense na Táboa 6.

Computador Persoal		Internet	
Motivo	Porcentaxe	Motivo	Porcentaxe
Non ten PC	14%	Non ten PC	4%
Non ten acceso á Internet	7%	Non ten acceso á Internet	28%
Non atopa vantaxes respecto a libros, apuntamentos...	14%	Non atopa información útil	4%
Non ten interese	50%	Non ten interese	24%
Outras razóns	21%	Outras razóns	4%
NS/NC	7%	NS/NC	36%

Táboa 6: Motivos polos que as persoas que están cursando algún tipo de estudo e non empregan o PC/Internet como apoio ao mesmo non o fan.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

1.9.2 O factor da lingua galega no uso das TIC

Existe un espazo de percorrido para o galego nos contidos na Internet e nas interfaces dos programas informáticos, como mínimo atendendo á valoración da posición e á importancia relativa que lle outorgan os galegos, aínda que esta non sexa claramente maioritaria.

Para pechar o diagnóstico, analízanse as respostas obtidas no marco do traballo de campo en relación co percepción e importancia que os galegos lle outorgamos á nosa lingua no contexto da Sociedade da Información.

En primeira instancia expónse a percepción dos galegos sobre a presenza de contidos en galego na Internet. Segundo as resposta obtidas (excluídos os "non sabe/non contesta"), o 72% dos galegos cre que este nivel de presenza na rede é baixo ou moi baixo; só o 15% valórao como alto ou moi alto.




Figura 141: Valoración da presenza de contidos galegos na Internet.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾

A segunda cuestión con interese é a que establece o nivel de uso de interfaces en galego nas aplicacións informáticas máis estendidas. Dos que responden esta pregunta, algo menos dun terzo (30%) indica que si as emprega, fronte ao 70% que non o fai. O resultado é lóxico se se ten en conta que a dispoñibilidade e distribución de interfaces en galego para as aplicacións informáticas máis estendidas é claramente inferior ás súas equivalentes en castelán.

Agora ben, é importante para os galegos a existencia destas interfaces? Á hora de adquirir un dispositivo TIC ou programa informático, o 44% dos que responde á pregunta considera importante ou moi importante a dispoñibilidade de interfaces en galego; o restante 56% entende que é pouco ou nada importante.

Finalmente, á hora de elixir os seus medios de comunicación na Internet, o 54% dos galegos considera importante ou moi importante que os seus contidos estean presentes en lingua galega.




Figura 142: Importancia da dispoñibilidade de contidos en galego á hora de consultar medios de comunicación na rede.

Fonte: *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁵⁾